



Ref.: ae/md

Expediente 12/19

Asunto: Orde IRAS

INFORME DE LEGALIDADE SOBRE O PROXECTO DE ORDE POLA QUE SE CREA A COMISIÓN GALEGA DE VIXILANCIA, PREVENCIÓN E CONTROL DA INFECCIÓN RELACIONADA COA ASISTENCIA SANITARIA E SE ESTABLECE A SÚA COMPOSICIÓN, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO.

Esta Secretaría Xeral Técnica de conformidade co artigo 43.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e o Sector Público Autonómico de Galicia, en relación co “proxecto de orde pola que se crea a Comisión Galega de Vixilancia, Prevención e Control da Infección relacionada coa Asistencia Sanitaria e se establece a súa composición, organización e funcionamento”, emite o seguinte:

INFORME

1. Marco normativo e competencial

A Lei 14/1986, do 25 de abril, Xeral de Sanidade, recolle no seu artigo 3 que os medios e actuacións do sistema sanitario estarán orientados prioritariamente á promoción da saúde e á prevención das enfermidades, polo que as administracións públicas competentes organizarán e desenvolverán todas as accións sanitarias ás que se refire o Título I, dentro dunha concepción integral do sistema sanitario, segundo se recolle no artigo 4.1.

A Lei 8/2008, do 10 de xullo, de Saúde de Galicia, contempla no seu artigo 2.3, como ámbito propio de actuación, a planificación sanitaria do Sistema Público de Saúde de Galicia e a definición das actuacións e intervencións públicas en materia de saúde. Así mesmo, o artigo 32.3 da citada lei, proclama como un dos principios reitores do Sistema Público de Saúde de Galicia o da concepción integral da saúde, que inclúe, entre outros aspectos, a protección fronte a situacións e circunstancias que supoñan risco para a saúde, en particular a prevención da enfermidade e a asistencia sanitaria. Por outra parte, recoñece, no artigo 12.8, entre os dereitos das persoas usuarias relacionados coa prestación de servizos sanitarios por parte do Sistema Público de Saúde de Galicia, o dereito a medidas de prevención da enfermidade de probada efectividade e seguridade.





A Recomendación do Consello do 9 de xuño de 2009, sobre a seguridade dos/as pacientes, en particular a prevención e loita contra as infeccións relacionadas coa asistencia sanitaria (2009/C 151/01), instou aos países membros da Unión Europea a adoptar e aplicar unha estratexia para tal fin que perseguía, entre outros obxectivos, potenciar a prevención e control da infección nos centros asistenciais como parte dun plan de acción contra a ameaza crecente das resistencias bacterianas. Así mesmo, tamén se lles recomendaba aos Estados Membros que adoptaran, a escala dos centros asistenciais, medidas que favorezan a contención das IRAS e que permitan crear ou reforzar sistemas de vixilancia activa: fomentando unha documentación microbiolóxica e unhas historias clínicas de gran calidade; vixiando a supervisión de incidencia de tipos específicos de infección con indicadores de proceso e de estrutura que permitan orientar e avaliar a aplicación das medidas de loita contra a infección; e estudando a posibilidade de vixiar tipos específicos de infeccións ou determinadas cepas de patóxenos relacionados coa asistencia sanitaria para detectar a tempo os organismos relacionados coa asistencia sanitaria en caso de alerta ou os grupos de infeccións relacionadas coa asistencia sanitaria en xeral.

Na Estratexia de Seguridade do Paciente do Sistema Nacional de Saúde desenvolvida polo Ministerio de Sanidade, Consumo e Benestar Social e aprobada para o período 2015-2020 polo Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde, recóllense na liña estratéxica 2, obxectivo xeral 2.2, as prácticas clínicas seguras recomendadas para previr e controlar as IRAS, reflectindo entre os obxectivos específicos, a promoción e implantación de programas de uso racional e optimizado de antimicrobianos, a promoción da prevención e control das resistencias antimicrobianas, con especial atención ao control da difusión de microorganismos multirresistentes e a promoción dos sistemas de vixilancia das infeccións relacionadas coa asistencia sanitaria para permitir o control da súa evolución e a comparatividade de resultados entre centros e servizos.

Así mesmo, a Estratexia Sergas 2020, destaca na liña estratéxica 7 a necesidade de levar a cabo actividades específicas para a prevención e control das IRAS en todas as unidades de coidados críticos do Servizo Galego de Saúde: UCI adultos, UCI pediatria, unidades de reanimación, de coidados coronarios e de queimados, e na liña estratéxica 18, a pertinencia de desenvolver un sistema de vixilancia con información homoxénea e sistemática que permita coñecer e comparar a incidencia e a prevalencia das IRAS, para promover accións de prevención e control destas infeccións.

Ao conselleiro de sanidade correspóndelle o exercicio da potestade regulamentaria nas materias da súa consellería tal e como recolle o artigo 34.6 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia.

De conformidade co artigo 7.1 do Decreto 41/2013, do 21 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade, corresponde a Subdirección Xeral de Réxime Xurídico e Administrativo da Secretaría Xeral Técnica, a través do Servizo Técnico Xurídico, a tramitación dos proxectos de disposicións de carácter xeral.





No procedemento de elaboración deste proxecto de orde seguiuuse o establecido no Regulamento de Réxime Interior da Xunta de Galicia, no Decreto 111/1984, do 25 de maio, e no Título II da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia (LOFAXGA) e no disposto na Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico.

2. Necesidade e oportunidade.

A pesares das melloras acadadas no ámbito da asistencia sanitaria e da saúde pública non se pode negar a existencia da problemática derivada das infeccións relacionadas coa asistencia sanitaria (IRAS) polas elevadas taxas de morbilidade e mortalidade que conlevan estas infeccións. Por estes motivos, debe admitirse que as IRAS son un importante problema de saúde pública e de asistencia sanitaria. Neste senso, a prevención e o control das IRAS constitúen un desafío permanente para o Servizo Galego de Saúde polo que se enmarcan dunha liña de actuación prioritaria, tal e como se manifesta na Estratexia Sergas 2020, xa mencionada nos parágrafos anteriores.

Como consecuencia do exposto, a Comunidade Autónoma de Galicia precisa dun instrumento a través do que se desenvolvan as estratexias para a vixilancia, prevención e control das IRAS, polo que a Consellería de Sanidade crea a Comisión Galega de Vixilancia, Prevención e Control da Infección relacionada coa Asistencia Sanitaria que estará integrada por persoal experto en distintas materias sanitarias, así como en materias de calidade e de seguridade asistencial, coa finalidade de contribuír á diminución da incidencia e prevalencia das infeccións IRAS así como de estratexias que diminúan a aparición e difusión das resistencias aos antimicrobianos.

3. Tramitación

Polo que respecta á instrución na elaboración do proxecto, esta acomodouse ao procedemento legal e ás prescricións contidas nos artigos 40 a 44 da Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e o sector público autonómico de Galicia.

Así, o centro directivo impulsor remitiu á Subdirección Xeral de Réxime Xurídico e Administrativo o borrador da disposición acompañado dos seguintes documentos:

- unha memoria xustificativa sobre a súa legalidade, acerto e oportunidade (artigo 41.2, a da Lei 16/2010, do 17 de decembro).
- unha memoria económica-financeira (artigo 41.2, b da Lei 16/2010, do 17 de decembro).
- unha táboa de vixencias.





Consta no expediente o acordo de inicio do procedemento de elaboración do proxecto de orde asinado pola persoa titular da Consellería de Sanidade, (artigo 41.1 da Lei 16/2010, do 17 de decembro).

Unha vez recibida a documentación e logo do seu estudo, o Servizo Técnico-Xurídico da Subdirección Xeral de Réxime Xurídico e Administrativo elaborou o preceptivo informe e obtivo a aprobación inicial do anteproxecto como proxecto por parte da persoa titular da Consellería de Sanidade (artigos 41.2, c e 41.3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro).

Unha vez aprobada inicialmente a disposición como proxecto, o proxecto de orde publicouse na páxina web da Consellería (portal de transparencia e goberno aberto) na relación dos procedementos de elaboración de disposicións administrativas de carácter xeral que estean en curso, indicando o seu obxecto e estado de tramitación.

Non obstante, non se celebrou o trámite de audiencia, conforme ao artigo 42.6 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, polo carácter puramente organizativo da norma.

Na tramitación do proxecto e ao amparo do esixido no artigo 42 da LOFAXGA así como na pertinente normativa sectorial de aplicación, solicitáronse, con data 26 de marzo de 2019, informes á Subdirección Xeral de Xestión Técnico-Administrativa e Orzamentaria da Secretaría de Igualdade, á Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e á Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos.

A Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa da Secretaria Xeral de Igualdade, o 28 de marzo de 2019, considera que non debe emitir informe por non estar dentro do ámbito sinalado polo artigo 41 do Decreto 74/2018, do 24 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, en relación cos artigos 14 e 42.7 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do Sector Público Autonómico de Galicia. Por outra banda, a orde non regula un procedemento administrativo a instancia de parte susceptible de habilitación na Guía de Procedementos e Servizos da Sede Electrónica, segundo o disposto no artigo 6 da Lei 4/20013, de racionalización do sector público autonómico.

O informe do 28 de marzo de 2019 da Secretaría Xeral de Igualdade é favorable á tramitación, así como, o informe, do 3 de abril de 2019, da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos.

A Asesoría Xurídica da Consellería de Sanidade, o 16 de abril de 2019, emite informe favorable salvo a consideración relativa a incorporación do significado do acrónimo IRAS (infeccións relacionadas coa asistencia sanitaria, en adiante IRAS) ao artigo 1.1 do proxecto, que se incorpora ao texto do proxecto.





5. Legalidade

En cumprimento do disposto no artigo 43.4 da Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, o proxecto de Orde pola crea a Comisión Galega de Vixilancia, Prevención e Control da Infección relacionada coa Asistencia Sanitaria someterase á aprobación definitiva da persoa titular da Consellería de Sanidade.

De acordo co indicado considérase que o proxecto de Orde reúne as condicións esenciais para a súa aplicación e efectividade polo que se emite a seguinte:

PROPOSTA

De acordo co indicado, considero que este proxecto de orde reúne as condicións esenciais para a súa aplicación e efectividade polo que emito a seguinte proposta:

INFORMAR FAVORABLEMENTE este proxecto de orde conforme a súa legalidade.

En Santiago de Compostela

A subdirectora xeral de Réxime Xurídico e Administrativo

Laura Recacho Rivas

A persoa titular da Secretaría Xeral Técnica, logo de ver a proposta da subdirectora xeral de Réxime Xurídico e Administrativo da Consellería de Sanidade considera que o proxecto de orde sometido a informe se axusta á legalidade vixente, polo que o informa favorablemente (artigo 43.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro).

En Santiago de Compostela

O secretario xeral técnico

Alberto Fuentes Losada.

